

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE XULLO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González

NON ASISTE:

D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL:

D. Javier Varela Tejedor

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta minutos do día doce de xullo do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra e D. Abraham Seijas González.

Non asiste á sesión a sra. Concelleira D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o Sr. secretario xeral accidental do Concello, D. Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 5 DE XULLO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador.

A continuación o sr. Secretario Xeral accidental fai constar que existen dous erros materiais na devandita acta e procede a súa corrección estendendo unha dilixencia (código de documento USG15I02H9) que transcrita literalmente di:

"DILIXENCIA.- Que estendo eu, Secretario xeral accidental, para facer constar que, detectados dous erros materiais na acta da Xunta de Goberno Local de data 05.07.2021, procédese á súa corrección no seguinte senso:

Primeiro.- Na páxina 29, onde di:

"(.../...)"

ANEXO II - SOLICITUDE DE ADMISIÓN PROCESO SELECTIVO

Praza	Profesor/a de música
-------	----------------------

"(.../...)"

Debe dicir:

"(.../...)"

ANEXO II - SOLICITUDE DE ADMISIÓN PROCESO SELECTIVO

Praza	Traballadora/or social
-------	------------------------

(.../...)"

Segundo.- Na páxina 46, onde di:

"Entreculturas no Xardín.

Proxección da película *A illa das mentiras.*

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor, con uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597.

VENRES 9 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. 20.30 h:

Entreculturas no Xardín.

Teatro Malasombra: *Habeas corpus.*

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor, con uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597."

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

(.../...)"

Debe dicir:

"Entreculturas no Xardín.

Proxección da película *A illa das mentiras.*

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor, con uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597.

VENRES 9 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. 20.30 h:

Entreculturas no Xardín.

Teatro Malasombra: *Habeas corpus.*

Entrada gratuíta. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor, con uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos a mesma semana da actuación no tfno. 981665597."

3.2.2.- A concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións:

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
	984	Concede unha axuda económica.	****6767*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (369€) e de marzo a abril 380€/mes) de 2021.	1129€
	985	Concede unha axuda económica.	****1869**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (169€) e de febreiro a abril (320€/mes) de 2021.	1129€
	986	Concede unha axuda económica.	****6767*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (369€) e de marzo a abril 380€/mes) de 2021.	1129€
	987	Concede unha axuda económica.	****8506*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (329€) e febreiro e marzo (400€/mes) de 2021.	1129€
1/6/2021	1008	Concede unha axuda económica.	***8565**	Pago de aluguer, correspondente a fianza (400€), seguro de impagos (206,34€), mes abril 2021 (196€) e mes de maio 2021 (326,66€).	1129€
2/06/2021	1011	Concede unha axuda económica.	***8052**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (229€) e de marzo a maio de 2021 (300€/mes).	1129€
2/06/2021	1012	Concede unha axuda económica.	***7611**	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (89€) e de febreiro a maio de (260€/mes) de 2021.	1129€
2/06/2021	1013	Concede unha axuda económica.	***3419**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2020 (200€/mes), xaneiro e	1129€

				febreiro (200€/mes) e parte de marzo (129€) de 2021.	
2/06/2021	1014	Concede unha axuda económica.	***6849**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo 2021 (139€) e de abril a xuño 2021 (330€/mes).	1129€

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

(.../...)"

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta da sesión ordinaria realizada en data 5 de xullo de 2021 que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 5 de xullo de 2021 coas correccións efectuadas.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 23 de xuño de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT215A). DOG núm. 128 do 07-07-2021.
- Resolución do 25 de xuño de 2021, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para o ano 2021-2022, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421S). BOP núm. 128 do 07-07-2021.
- Anuncio do 22 de xaneiro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo ao requerimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/262). DOG núm. 131 do 12-07-2021.
- Anuncio do 2 de xullo de 2021, do Consorcio As Mariñas, relativo á delegación das funcións da presidencia do 5 de xullo ao 11 de xullo de 2021. BOP núm. 126 do 07-07-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS"

MÉRCORES 14 DE XULLO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 11.00 h:

Ler conta moito.

Obradoiro: *Agasállete*, a cargo de Iria Mejuto.

De 6 a 12 anos. Previa inscrición, chamando ao 981665597 ou ao 981650077. Aforo limitado. Aplicaranse as medidas anticovid en vigor, con uso obrigatorio de mascariña."

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- "Resolución número CUL/RES/1208/2021 de data do 30/06/2021, pola que se autoriza o uso especial por IRMÁNS BREA S.L. dos terreos de dominio público municipal afectados para a execución de gabia para a instalación de RBTS para subministro eléctrico ao centro de adestramento canino situado no lugar de Valiñas, da parroquia de Sueiro.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02G3), pola que se ordena á M. M. N., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 15031A06100368 da que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02G4), pola que se autoriza o uso especial por TELEFÓNICA ESPAÑA S.A.U., dos terreos de dominio público municipal afectados para a instalación da rede de telefonía, na rúa Río Mero, parroquia de Almeiras.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02G6), pola que se ordena á F. J. F. S., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720905NH4962S0 da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02G9), pola que se ordena á M. S. A., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720905NH4962S0 da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GA), pola que se ordena á R. M., S.C., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GB), pola que se ordena á M. F. V. como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GC), pola que se ordena á I. V. D., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GD), pola que se ordena á M. F. V., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I02HC	USG/2021/115
Código de Verificación Electrónica (COVE)  464W 6Y71 6943 6744 0Q7B	

- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GE), polo que se ordena á J. A. F. V., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GG), pola que se ordena á M. E. V. V., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720914NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GH), pola que se ordena á M. G. S., como propietario/a, a realización nos terreos referencia catastral 6720915NH4962S da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 06/07/2021 (código de documento UME15I02GI), pola que se ordena á F. J. C. S., como propietario/a, a realización nos terreos coa referencia catastral 6720915NH4962S, da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade. "

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H